

O GROVE**E D I C T O**

Dna. Paola Lorena Martínez Giri solicitou licenza municipal de actividade para instalación e apertura dunha pizzería, que se situará na avenida Beiramar nº 134-baixo e 1º (expte. 176/13). En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, a 2 de agosto de 2013.—O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2013007609**E D I C T O**

Dna. Lorena Gondar Mascato solicitou licenza municipal de actividade para a instalación e apertura dunha área de xogo infantil (expte. 188/13), que se situará en Porto Meloxo, nº 8. En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, a 9 de agosto de 2013.—O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2013007608

* * *

LALÍN**A N U N C I O**

A Xunta de Goberno Local, na sesión de 26 de agosto de 2013, acordou iniciar os trámites para contratar a “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN PARA OS EDIFICIOS MUNICIPAIS” (CSU042013) e, para tal efecto, aprobou o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, prego de prescricións técnicas e gasto e ordenou anunciar a seguinte licitación:

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA

Concello de Lalín

Dependencia que tramita o expediente e obtención de documentación e información

Secretaría/ Contratación, en horario de 09:00 ás 14:00 horas.

Domicilio: Praza de Galicia, núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra).

Teléfono: 986-787060.

Fax: 986-780638.

Correo electrónico: contratacion@lalin.org.

Dirección de internet do Perfil do Contratante: <http://www.lalin.org>

Data límite para a obtención de documentación e información: 15 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Número de expediente: CSU042013.